

ACTA DO CONSELLO DE GOBERNO DO 26 DE XANEIRO DE 2017

Ás 9.30 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico, don Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**.

Xustifican a súa ausencia María Eugencia Caruncho Gil, Teresa López Fernández, Manuel Casteleiro Maldonado, Manuel Reyes García Hurtado, M^a Inés Pernas Alonso e Pilar García de la Torre.

1. Informe do reitor

Toma a palabra o **reitor** para informar da realización dunha xuntanza entre os tres reitores do SUG e o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para tratar do deseño do futuro mapa de titulacións, co fin de acordar liñas e criterios de aplicación do Decreto vixente –a respecto das titulacións existentes– ben como para as novas titulacións e duplicidades existentes. Comunicou que a vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente xa se reuniu coa dirección dos distintos centros para informar do proceso.

Deu tamén conta da presentación no campus de Ferrol da oferta de titulacións novas para o Campus Industrial para os cursos 2018-2019 e 2019-2020: unha titulación de xestión industrial da moda (grao), e mestrados de moda, videoxogos, deseño industrial e robótica.

Informou da reunión da CRUE do día 18 de xaneiro, en que foi relevado como membro da permanente o reitor da URJCI, e na que se trataron aspectos relativos ás negociacións en curso co MECD:

Sobre o 3+2 comenta que se anunciou a inminente aprobación dunha instrución (seguida, logo, dun RD) en que se estableza que os títulos pre-Boloña ficarán en 240 créditos (igual que as titulacións relacionadas coa saúde e as que estean reguladas por normas europeas). Só poderán ser de 180 créditos os títulos novos. Incluírse unha listaxe positiva de titulacións que, necesariamente, haberán de ser de 240 créditos.

Canto á taxa de reposición, o MECD estaría de acordo coa supresión da taxa de reposición. A Consellería de Facenda semella disposta a flexibilizar a súa aplicación, ficando como referencia o tope salarial. As promocións de prazas – de CD a TU e de TU a CD– non computarían na taxa de reposición.

Sobre os criterios de acreditación da ANECA afirma que xa está constituída unha comisión entre a ANECA e a CRUE co obxectivo de homologar os criterios de esixencia entre as 21 comisións de acreditación e facer que o nivel de esixencia sexa similar ao existente con anterioridade ao RD.

Alén do máis, na reunión da CRUE informouse tamén das negociacións en curso para crear un organismo de xestión de propiedade intelectual das universidades. Lembrou que se están a pagar a CEDRO 2,5 euros por estudante ao ano, pretendendo esta entidade xestora que esta cantidade ascenda en 2018 até os 5,9 euros.

Sobre as taxas universitarias, indicouse que de haber algunha igualación entre as diferentes CC.AA. esta se realizaría por abaixo. A dificultade, porén, é que iso suporía que as CC.AA. con taxas máis elevadas (Cataluña e Madrid) terían que compensar a rebaixa co incremento do financiamento público.

A seguir pasoulle a palabra aos outros integrantes do equipo de goberno.

Comezou o **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente** informando dos asuntos seguintes:

1. Que o 20/12/2016 se autorizou a transformación do contrato a contratado interino de substitución de dous profesores axudantes doutores que rematan o seu contrato no primeiro trimestre do ano 2017. Estas transformacións fanse en aplicación do Acordo do Consello de Goberno do 28/05/2015 e ao non se poder convocar as correspondentes prazas de contratado doutor por falta de taxa de reposición suficiente.
2. Que o 23/12/2016 se autorizou a transformación en fixo do contrato dunha profesora colaboradora da área de Enfermaría: Terapia Ocupacional, do Departamento de Ciencias da Saúde ao acadar o informe correspondente da ACSUG.
3. Que o pasado 09/01/2017 se autorizou a transformación do contrato da anterior profesora colaboradora da área de Enfermaría: Terapia Ocupacional do Departamento de Ciencias da Saúde en contratada doutora, ao acadar a acreditación correspondente e en aplicación da disposición adicional terceira da Lei 4/207 e o artigo 15.4 do Convenio colectivo do PDI laboral.
4. Que con data 18/01/2017 se produciu unha baixa por IT de longa duración na área de coñecemento de Socioloxía. Autorizouse o cambio de dedicación a tempo completo dunha profesora contratada interina de substitución P06 e a contratación por lista da agarda 16/1005 dun profesor ou profesora con contrato interino de substitución a tempo parcial P06, durante a baixa de IT ou ata a finalización do curso académico 2016/17.
5. A COAP do 19/01/2016, por falta de quórum, non puido autorizar a venia docente para tres profesores/as que conta con informe favorable dos departamentos correspondentes, por tanto, solicítase o visto e praxe do Consello de Goberno:

PROFESOR/A	CENTRO	CURSO ACADÉMICO	MATERIA	DEPARTAMENTO QUE EMITE O INFORME
Bermúdez Rioboo, Luis	EU de Relacións Laborais	2016/17	660G01043 Sistema Impositivo e Fiscalidade da Empresa	Economía Aplicada I
Cobián Casal, Mercedes	EU de Relacións Laborais	2016/17	660G01002 Introdución á Economía 660G01025 Economía Española	Economía Aplicada I
Fernández Mosquera, Daniel	EU de Relacións Laborais	2016/17	660G01037 Xestión Medioambiental	Economía Aplicada I

A seguir, o **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** pasou a informar dos asuntos seguintes:

- Xavier Alcalá solicitoulle ao reitor o seu cesamento por xubilación do seu posto de xestor de relacións científico-tecnolóxicas na Universidade da Coruña. Esta baixa será efectiva a 31 de xaneiro deste ano 2017. Agradeceu expresamente o gran traballo desenvolvido por Xavier Alcalá como representante en Bruxelas da UDC.

- Bolsas Ramón y Cajal: presentáronse un total de 14 solicitudes contando todas coa preceptiva autorización do departamento que asumiría a docencia (80 horas/curso máximo). Tamén tiveron a correspondente aprobación por unanimidade da Comisión de Investigación na súa última reunión do pasado 19 de xaneiro. Aínda están abertas outras convocatorias como a de José Castillejo (temos xa 16 solicitudes) e a Juan de la Cierva (non nos constan solicitudes aínda que o prazo remata a mediados de febreiro).

- Programa InTalent: o comité de avaliación ten prevista unha reunión hoxe ás 12:00 h para tratar de consensuar unha listaxe de finalistas. Este comité está composto por tres membros da UDC (vice-reitor e adxuntos) e tres membros de recoñecido prestixio que lograron proxectos do H2020 en cada unha das tres grandes áreas en que están divididos os paneis das ERC. Está previsto ter rematado o proceso de selección o 16/02/2017.

- Reunión con directora do GAIN: o GAIN ten previsto publicar unha convocatoria similar a InTalent de liñas de axuda á captación de talento. Ademais, están previstas novas convocatorias para grupos de investigación, unidades mixtas e programa INICIA (proba concepto). Tamén se está a confeccionar o novo plan galego de I+D+i para o período 2017-2020, axustado á estratexia RIS3.

A **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** informou sobre os asuntos seguintes:

- Sobre a publicación da listaxe provisional de persoas candidatas ás bolsas de prácticas ONCE-CRUE, axudas para o aloxamento e tamén sobre a publicación da lista definitiva das bolsas de renovación e nova adxudicación para estudos de mestrados universitarios oficiais e axudas ao transporte universitario. Nesta convocatoria obtiveron bolsas todas as persoas solicitantes que cumprían as condicións e quedaron sen cubrir arredor dunhas 200 axudas.

- Tamén informou da difusión da convocatoria das axudas para viaxes de estudos que asigna aos centros os medios necesarios para realizar viaxes de estudos e da asignación aos centros do programa O teu futuro en boas mans destinado á difusión e publicidade dos títulos. Comenta que hoxe tamén saíu publicada a convocatoria de axudas a programas de actividades estudiantís destinadas ás asociacións de estudantes inscritas no Rexistro de Asociacións de Universidade da Coruña.

- O 24 de xaneiro foi a inauguración do PROGRAMA YUZZ «Jóvenes con ideas» do Centro Internacional Santander Emprendemento (CISE) de que a UDC é un centro YUZZ. Esta é a terceira convocatoria da UDC.

- Comezaron as actividades do SAPE na Coruña e Ferrol, de Visita o teu campus, charlas de divulgación científica e charlas aos centros de bacharelato.

A **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, Nancy Vázquez Veiga, informou dos seguintes asuntos relativos ás súas competencias:

- Que o día 17 de xaneiro, a Secretaría Xeral de Universidades convocou os vice-reitores con competencias en titulacións das tres universidades para nos presentar a proposta de planificación académica do SUG 2016/2020. Fomos informados de que nos vindeiros días sairá unha resolución da Secretaría Xeral de Universidades pola que se fixarán os criterios sobre a determinación de titulacións de grao singulares no SUG. Para os mestrados que non cheguen ao número de alumnos fixado no Decreto 222/2011 estase a traballar noutro concepto que é o da «excepcionalidade».

- Que se está a elaborar unha normativa para a constitución e o recoñecemento dos grupos de innovación educativa (GIE) da UDC. A primeira convocatoria farase en setembro de 2017.

- Que axiña estará preparado o programa definitivo do VII Foro Internacional de Innovación Universitaria, que se celebrará en Vigo os días 12, 13 e 14 de xullo de 2017, e que está organizado polo Foro Internacional de Innovación Universitaria e as tres universidades do SUG. En canto estea dispoñible o programa definitivo enviaráselle a toda a comunidade universitaria. O prazo para a presentación de resumos estará aberto até o día 20 de marzo.

- Finalmente, comenta que a aprobación da Guía de seguimento e acreditación de doutoramentos está prevista para a reunión da CGIACA que se realizará o vindeiro 31 de xaneiro. Nestes momentos, as universidades estamos facendo suxestións e comentarios ao borrador que recibimos o pasado venres.

O vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade informou do comezo das obras de acondicionamento no Edificio Calvo Sotelo para a primeira semana de febreiro.

Pola súa banda a **vicereitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** informou de que a semana pasada tivo lugar na Universidade Miguel Hernández de Elxe, a I Xornada de Traballo de Cátedras de Discapacidade e Emprego. Neste encontro participaron representantes de varias universidades españolas que contan con cátedras de discapacidade ou, como ocorre no caso da UDC, con programas de formación para o emprego de persoas con discapacidade intelectual. Nesta I Xornada, ademais da posta en común dos distintos proxectos que se están a desenvolver, acordouse iniciar os trámites para a creación dunha Rede de Cátedras e Programas Universitarios de Discapacidade e Emprego.

O **secretario xeral** leu o informe da **Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación**, ao ter xustificada a súa ausencia a titular, participando ao Consello de Goberno a publicación da convocatoria (o 12 de xaneiro) das prazas de mobilidade internacional de estudantes para o próximo curso, tanto Erasmus como bilateral, e mais a da convocatoria de Educación para o Desenvolvemento, Sensibilización e Participación Social, con data 24 de xaneiro. Esta última convocatoria ten por obxecto promover na comunidade universitaria os valores de solidariedade, desenvolvemento humano sustentable e xustiza social, ben como favorecer iniciativas que promovan a participación social.

Pola súa banda, o xerente informou dos seguintes asuntos:

- Da elaboración dunha instrución conxunta, do 10 de xaneiro de 2017, da Xerencia e da Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade sobre reserva de crédito dos departamentos da Universidade da Coruña. Coa finalidade de procurar unha programación axeitada do gasto e o compromiso de gasto do crédito correspondente a cada un dos departamentos existentes e que este compromiso actual non condicione desproporcionadamente a execución a partir do segundo trimestre de 2017 dos 26 novos departamentos, a Xerencia e a Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade,

ao abeiro dos artigos 3 e 9 da Resolución reitoral do 12 de xaneiro de 2016, ditaron a Instrución conxunta, do 10 de xaneiro de 2017, en que se establece, como medida excepcional para o exercicio económico correspondente ao ano 2017, o seguinte:

- Desde os servizos económicos da **Xerencia** realizarase unha reserva do 75 % do crédito inicial do capítulo II (226.14) e do crédito incorporado do capítulo VI (649.00) aos orzamentos do ano 2017 correspondentes a cada un dos 43 departamentos actuais.
- As Unidades de Apoio de Departamentos e Investigación e as Unidades de Xestión Económica dos centros, ata o día 30 de marzo dese ano, poderán realizar gasto e compromiso de gasto ata o límite do 25 % do orzamento de cada departamento.
- A partir da efectividade de funcionamento da nova estrutura de departamentos, as Unidades de Apoio de Departamentos e Investigación xestionarán os créditos orzamentarios conforme a esa nova estrutura.
- Informa tamén da resolución conxunta da **Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade e da Xerencia**, pola que se lle dá publicidade á denominación de inmobles da UDC e á súa codificación. O 16/01/2017 asinouse e déuselle publicidade á Resolución conxunta da Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade e da Xerencia, pola que se lle dá publicidade á denominación de inmobles da UDC e á súa codificación. A finalidade desta resolución é avanzar no modelo de Contabilidade Analítica desta universidade e dar solución á necesidade de que seus bens inmobles contén con unidades organizativas de inventario específicas para cada edificio cunha denominación concreta e un código específico.
- A modificación o 18-01-2017 da Circular 1/2010 sobre a base de datos de terceiros. Coa finalidade de ampliar a implantación da sede electrónica da Universidade da Coruña e de axilizar a tramitación administrativa na base de datos de terceiros do sistema informático utilizado para cumprir esta xestión (Universitas XXI), o 18 de xaneiro de 2017 comunicouse a modificación da Circular 1/2010 sobre a base de datos de terceiros, para informar de que, desde o 25 de xaneiro de 2017, se activaría un novo procedemento electrónico para tramitar as altas, baixas e modificacións de terceiros.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 22 de decembro de 2016

A acta foi aprobada por unanimidade.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en dous (2) convenios marco, nove convenios específicos (9), e corenta convenios para prácticas (40).

O Consello de Goberno aprobou a relación por unanimidade.

4. Aprobación, se proceder, da proposta de modificación do Regulamento de estudos de doutoramento

Tras a presentación da proposta pola **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, iniciouse un debate coa intervención do decano da Facultade de Ciencias, **Moisés Canle**, que puxo de manifesto a existencia de problemas na EIDUDC coa documentación presentada en lingua inglesa, presentando unha emenda á proposta de regulamento nese sentido. Acerca dos tribunais de tese, que consonte a proposta deben constar de tres titulares e tres suplentes, sinala que na práctica adoita a se nomear apenas cinco e non seis membros. Isto provoca o problema de que se o secretario titular causa baixa hai que nomear como secretario a alguén de fóra da UDC. Sinala que o problema se solucionaría de se nomearen seis membros. Finalmente, a respecto dos convenios de cotutela, pregunta por que teñen que se asinar como mínimo un ano antes da defensa da tese. Ao seu ver, abondaría con que fose asinado en calquera momento anterior á defensa.

A profesora **Sánchez Simón** agradeceu a inclusión no expediente dun documento informativo e preguntou se é posible eliminar a sanción de dous anos sen matrícula ao alumnado que non formalice a súa matrícula.

O decano da Escola Técnica Superior de Arquitectura, **Fernando Agrasar**, en relación coas teses por compendio de artigos, considera que non se debería penalizar a publicación de teses no baremo de méritos para a provisión de prazas de profesorado.

A profesora **Sonia Souto**, directora do Departamento de Fisioterapia, critica que se impida a codirección de teses por parte de profesores que non cumpran os requisitos para dirixir teses porque, na súa idea, esta limitación vai en detrimento da promoción dos novos doutorandos.

Toma de novo a palabra a **vice-reitora** para salientar, en primeiro lugar, o esforzo que a EIDUDC está a facer en materia de internacionalización e indicar que, na medida do posible, se tentará que non sexa preciso traducir a documentación en inglés. Canto ao nomeamento dos tribunais indicou que de causar baixa o secretario, basta con asegurar que alguén da UDC presente os papeis. En relación co requisito dun ano para a sinatura dos convenios de cotutela sinala que este requisito é imprescindible para permitir que os/as doutorandos/as realicen unha estadía mínima de seis meses na UDC en

períodos alternos. A penalización de dous anos, acrecentou, ten que ver coa rixidez dos prazos actuais para a defensa da tese. Na práctica, engadiu, non hai tantos casos de esquecemento de matrícula e, alén do máis, a maioría deles arráxanse. Lembrou que as persoas afectadas teñen a posibilidade de solicitar baixas temporais. Tomou nota do indicado por **Fernando Agrasar** a respecto das teses por compendio de artigos e, finalmente, sobre a codirección de teses xulga que xa existiu un período transitorio para poder cumprir cos requisitos esixidos e que, no caso dos novos doutores, é moi raro o caso de quen ao ler a tese non conta con artigos publicados en revistas recoñecidas e prestixiosas.

A profesora **Sonia Souto** insiste na súa proposta, lembrando que o regulamento non pide unha, senón tres publicacións en JCR. A vicerreitora responde que en determinados ámbitos non se esixen JCR, admitíndose outro tipo de publicacións.

Intervén o **reitor** lembrando que o novo regulamento está pensado para os doutores do RD 99/2011, máis esixente e que, por tanto, garante que os novos doutores xa cumpran esas condicións, con independencia de que coloquen moratorias que, pola súa propia natureza, sempre teñen vixencia temporal limitada.

A profesora **Lorenzo Modia**, decana da Facultade de Filoloxía, sinala que hai que tomar en conta que os programas de doutoramento van ser avaliados e que, á vista das guías empregadas noutras CC.AA., semella que con moito rigor.

Tras un curto debate entre o **reitor** e o **decano da Facultade de Ciencias** alcanzouse o acordo de manter o esforzo para que a documentación da UDC estea dispoñible en inglés e tamén para que se admita, no posible, a documentación que os interesados achegaren nesa lingua. Acórdase non introducir ningunha previsión expresa nese sentido no regulamento, sen prexuízo de que se poida ditar unha instrución.

Prosegue **Moisés Canle** coa proposta de eliminar o lapso dun ano entre a sinatura do convenio de cotutela e a lectura da tese, ao que contesta o **reitor** xustificando a cautela porque as teses en cotutela requiren sempre un mínimo traballo conxunto.

Finalmente, o regulamento é aprobado co único voto en contra da profesora **Sonia Souto** segundo figura no **anexo IV**.

5. Aprobación, se proceder, do Regulamento de uso de medios electrónicos e sinatura electrónica na UDC

Logo de presentar a proposta o **secretario xeral**, inicia o debate **Xosé Portela** preguntando pola forma en que se vai concretar a determinación dos niveis de

seguranza a que se refire o art. 6 e mais tamén ao modo en que se van acometer as necesarias adaptacións do software.

Responde o **secretario xeral** indicando que antes do 2 de outubro de 2018, a UDC terá que clasificar os procedementos existentes segundo o seu nivel de seguranza e ir establecendo o nivel de seguranza dos novos que se vaian aprobando.

Volve interesarse **Xosé Portela** pola seguranza do software, en especial do de voto electrónico. O **reitor** contesta afirmando que ese software xa é seguro.

A proposta é aprobada por unanimidade conforme figura no **anexo V**.

6. Proposta de cobertura de vacante no sector de estudantes na Comisión Delegada de Extensión Universitaria e do representante da UDC no Consello de Estudantes Universitario do Estado

Acórdase por unanimidade nomear representante da UDC en ambos os organismos a **Alberto Franco Figueira**.

7. Proposta de resolución de solicitude de cambio de área de coñecemento

A proposta do **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** de non autorizar o cambio de área solicitado é aprobada por unanimidade segundo figura no **anexo VI**.

8. Presentación de informes finais de anos sabáticos do curso académico 2015/2016

Presentados polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, aprobáronse por unanimidade e figuran como **anexo VII**.

Antes, a profesora **Lorenzo Modia** preguntou se o ano sabático pode ser retomado no futuro de se interromper por algunha causa –baixa, cambio de situación administrativa etc.–. O **vice-reitor** recoñece que é un tema aínda pendente de resolver.

9. Proposta de autorización de licenzas

Novamente é o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** quen presenta dezaseis solicitudes de licenzas de mobilidade, especificando que na documentación do **anexo VIII** se especifica a retribución correspondente. A proposta é aprobada por unanimidade.

10. Quenda aberta de intervencións

Intervén **Xosé Portela** para lembrar que o 20 de decembro solicitou, nun escrito dirixido ao secretario xeral, unha relación oficial dos membros do Claustro e un modelo oficial para a recollida de sinaturas, co fin de convocar un Claustro extraordinario en que se debata a convocatoria de novas eleccións á

reitoría. Lamenta que Xavier Alcalá cese voluntariamente e non fose dimitido. E, finalmente, interésase pola convocatoria de listaxe de agarda para cubrir unha vacante na ORI, publicada malia ser informada negativamente pola Xunta de Persoal.

Intervén o profesor **Graña López**, director da EUP de Ferrol, para solicitar que haxa unha interpretación clara das normas reitoras dos expedientes de gasto co fin de evitar a devolución de imputacións.

Intervén o **secretario xeral** para lle indicar a **Xosé Portela** que a listaxe solicitada se lle fará chegar de inmediato.

Toma a palabra o **xerente** para sinalar que para cubrir a vacante no posto de técnico de relacións internacionais, se acudiu á elaboración dunha listaxe de agarda específica para esta categoría. A oferta foi publicada no TEO o 26 de xaneiro.

Finalmente, o **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** comprométese a solucionar o problema cos expedientes de gasto, esclarecendo que gastos deben ser imputados ao capítulo II (gasto corrente) e cales ao VI (investimento).

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:25 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Aymerich Cano

Julio Abalde Alonso